



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PARA A SELECCIÓN URGENTE COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE 1 COIDADOR-A A XORNADA COMPLETA PARA O SERVIZO OFRECIDO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

1.- ANTECEDENTES

O Concello de Xove asinou coa Excma. Deputación Provincial de Lugo o Convenio para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do PROGRAMA DEPUEMPREGO no que se aprobaba a subvención para a contratación dunha persoa coidadora da Escola Infantil Municipal.

Pola alcaldía-presidencia deste concello, de conformidade co disposto no art. 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril a tenor da existencia dunha necesidade efectiva de novo persoal para a prestación da obra ou servizo ofrecido na **ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL COMO (COIDADOR-A)** durante o curso 2016-2017 que non pode ser atendida adecuadamente polo persoal existente, pola presente,

RESÓLVESE:

Efectuar a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal do Concello de Xove para o posto de traballo que se relaciona seguidamente:

| POSTO DE TRABAJO | Nº POSTOS | DE | CUALIFICACIÓN PROFESIONAL |
|---------------------|-----------|----|---------------------------|
| COIDADOR-A INFANTIL | 1 | | COIDADOR-A INFANTIL |

2.- BASES REGULADORAS

BASE 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O posto de traballo, obxecto deste proceso é o de coidador/a infantil, vinculado ao Convenio para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do PROGRAMA DEPUEMPREGO da Excma. Deputación Provincial de Lugo

BASE 2.- DESCRICIÓN DO POSTO, REQUISITOS E FUNCIÓNS

CARACTERÍSTICAS:

- Tempo completo
- Horario: a convir
- Retribución: segundo convenio ou normativa aplicable.
- Duración: contrato por obra ou servizo, desde o 2 de novembro de 2016 ata o 16 de xullo de 2017
- Centro de traballo: Escola Infantil Municipal



REQUISITOS:

- Ser español/a ou natural dun estado membro da Unión Europea.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da que no seu caso se fixe na convocatoria.
- No padecer enfermidade ou dificultades físicas que impidan o desempeño das funcións.
- Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas nin encontrarse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Titulación mínima esixida: Esíxese a titulación de Graduado en ESO o equivalente; con coñecementos en materia de puericultura que deberá acreditarse como mínimo, coa certificación de asistencia a curso/s en materia de puericultura iguais ou superiores a 60 horas ou experiencia acreditada de traballo nunha escola infantil durante 6 meses ou máis.
- Dispoñer do CELGA 2.
- Dispoñer de formación en primeiros auxilios.
- Dispoñer de certificado de manipulación de alimentos.
- Dispoñer de Certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

COÑECEMENTOS COMPLEMENTARIOS

Valorarase formación complementaria nas seguintes áreas:

- Formación específica en aspectos relacionados coa educación infantil.
- Formación en lingua galega

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

Valorarase a experiencia como coidadora infantil.

FUNCIONES A REALIZAR:

- Recibir aos nenos e nenas á súa chegada ao centro.
- Rexistrar na axenda a información requirida en relación con cada menor.
- Levar o control da roupa da aula correspondente, co propósito de contar coas prendas adecuadas.
- Atender e velar pola hixiene persoal do alumnado: cambiar cueiros, acompañalo ao aseo e limpalo, educalo para o control de esfínteres, lavar caras e mans, etc
- Atender ao alumnado durante as horas de comer (almorzos, comidas e merendas): poñerlles babeiros, vixiar a correcta inxestión de alimentos, educándolles para a adquisición de novas aprendizaxes, como o manexo dos utensilios, a incorporación de novos alimentos, etc.; así como dar o biberón
- Deitar ao alumnado, prestando atención ás súas necesidades, durante a sesta.
- Vixiar ao alumnado durante o recreo, procurándolle coidado e seguridade.
- Participar e colaborar en actividades educativas, recreativas, culturais e artísticas; co obxecto de estimular o desenvolvemento da área cognitiva, física e afectivo-social.



- Detectar e informar, para a toma das medidas necesarias, problemas de conduta, de linguaxe, auditivo e visual do alumnado.
- Entregar o alumnado á nai, pai ou persoa titora.
- Auxiliar ás educadoras, segundo necesidades.
- Prestar axuda na elaboración de material didáctico, así como decorativo para a adecuación dos espazos.
- Levar o control das existencias de material e produtos de hixiene: cueiros, toallíñas, roupa, comida, auga, etc.
- Prestar axuda na preparación de actividades especiais: festa de Nadal, fin de curso, Día da Paz, Día do Libro, etc.
- Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a que fose previamente instruído/a.

PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A oferta da contratación efectuarase na Oficina Pública de Emprego o 19/10/2016, que remitirá ao Concello as persoas candidatas que cumpran os requisitos establecidos.

As presentes bases estarán publicadas no blog de emprego do Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local (<https://emplegoxove.wordpress.com/>), previa comunicación ao servizo de emprego da Deputación Provincial para dar publicidade de todas as fases do proceso.

PROCESO DE SELECCIÓN

A OPE remitirá un máximo de dez persoas candidatas, ás que lles comunicará a data na que deberá presentarse no Concello de Xove coa documentación xustificativa de requisitos e méritos.

DOCUMENTACIÓN

A documentación debe presentarse no formato do anexo I e debe acompañarse da seguinte documentación:

- Copia do DNI
- Copia do documento oficial acreditativo de estar en posesión da titulación requirida para o posto
- Curriculum Vitae
- Informe de Vida Laboral, para a acreditación da experiencia profesional
- Certificados de empresa ou contratos, para a acreditación da experiencia profesional
- Diplomas ou certificados, para a acreditación de todos os coñecementos

BASE 3.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

A selección dos aspirantes realizarase por un Tribunal presidido polo **Encargado do Negociado de Persoal** ou traballador en quen delegue, e integrarase como mínimo polas persoas que se relacionan seguidamente:

- **Secretario:** O secretario da corporación ou persoa na que delegue.

Vocais:

- **1º)Vocal Titular:** **Dna. Ana De La Barrera Vila** (Asistente Social do Concello de Xove), e como suplente **Dna. Angélica Casabella Quelle**.



- **2º) Vocal Titular: Dna. Elena Santos Rey** (Interventora Municipal), e como suplente D. Manuel Peteira González.
- **3º) Vocal Titular: D. Andrés García Piñeiro** (Presidente do Comité de Empresa) e como suplente. **D. Albano Riveira Paleo**

BASE 4.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento constará de tres partes:

1. Solicitude de persoas candidatas á OPE
2. Valoración de méritos: 75% da puntuación do proceso selectivo: 15 puntos. Só se valorarán os méritos acadados con anterioridade á data desta resolución.
2. Baremación específica sobre a persoa candidata: 25% da puntuación do proceso selectivo: 5 puntos

VALORACIÓN DE MÉRITOS

O baremo aplicable á valoración dos méritos suporá un 75% da calificación final no proceso. Os méritos puntuaranse segundo se cumpran ou non os requisitos mínimos e os valorados positivamente segundo a seguinte táboa:



CONCELLO DE XOVE

Camíño Real, s/n. - C.P. 27870 Tfno.: 982 59 20 01 Fax: 982 59 21 54 C.I.F.: P - 2702500 - F R.E.L. 01270253 email: concello@xove.es

| | |
|---|-------------------|
| A – Formación Académica. Máx.: 4,2 | |
| Formación profesional en educación infantil ou similar superior ao esixido como requisito de titulación . (Máx.: 4,2) Por cada ciclo de formación profesional da rama da educación infantil: 2,1 | |
| B – Formación complementaria. Máx.: 3,3 | |
| Formación complementaria en educación infantil. (Máx.: 1,6) Por cada curso relacionado directamente co coidado infantil de duración igual ou superior a 25 horas acreditadas por unha Universidade, Institución Pública, Colexio Profesional ou centro de formación acreditado: 0,8 | |
| Formación complementaria en ofimática. (Máx.: 1,7). Por cada curso de ofimática de duración igual ou superior a 60 horas acreditadas por unha Universidade, Institución Pública, Colexio Profesional ou centro de formación acreditado: 0,85 | |
| C – Experiencia profesional. Máx.: 6,5 | |
| Por experiencia de máis de 6 anos como coidador/a nunha Escola Infantil pública = 3 puntos | |
| Por experiencia de entre 3 e 6 anos como coidador/a nunha Escola Infantil pública = 2 puntos | |
| Por experiencia de menos de 3 anos como coidador/a nunha Escola Infantil pública = 1 puntos | |
| Por experiencia de máis de 3 anos como coidador/a nunha Escola Infantil privada = 0,5 puntos | |
| D – Lingua galega. Máx.: 1 | |
| Certificado de Lingua Galega. CELGA 3/ 0,5 puntos (só se valorará o nivel máis alto) | |
| Certificado de Lingua Galega. CELGA 4/ 1 punto (só se valorará o nivel máis alto) | |
| Total | Máximo: 15 puntos |

| | |
|---|------------------|
| Baremación específica sobre a persoa candidata. Máx.: 5 puntos | |
| Por pertencer a un ou máis colectivos con dificultades de integración laboral, tales como: mulleres, maiores de 45 anos, persoas con discapacidade, paradas de longa duración, vítimas de violencia de xénero, e outros que se recollan na normativa sectorial vixente = 5 puntos | |
| Total | Máximo: 5 puntos |

Xove, a 13 de outubro de 2016



O Alcalde

José Demetrio Salgueiro Rapa



Ante min. O Secretario

Guillem Mª Fernández del Olmo



ANEXO I OFERTA DE EMPREGO DO CONCELLO DE XOVE

1. DATOS PERSOAIS

| | | |
|--------------------------|-------------------|------------------|
| <u>Nome e apelidos</u> | | <u>DNI</u> |
| <u>Data de nacemento</u> | <u>Teléfono</u> | <u>Domicilio</u> |
| <u>Código Postal</u> | <u>Localidade</u> | <u>Provincia</u> |

2. FORMACIÓN RELACIONADA CO POSTO A CUBRIR

TITULACIÓN ACADÉMICA:

| TITULACIÓN | CENTRO | DATA DE FINALIZACIÓN |
|------------|--------|----------------------|
| | | |
| | | |
| | | |

FORMACIÓN COMPLEMENTARIA EN EDUCACIÓN INFANTIL

| TÍTULO | CENTRO | DURACIÓN EN HORAS |
|--------|--------|-------------------|
| | | |
| | | |
| | | |

FORMACIÓN COMPLEMENTARIA EN OFIMÁTICA

| TÍTULO | CENTRO | DURACIÓN EN HORAS |
|--------|--------|-------------------|
| | | |
| | | |
| | | |

FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA

| TÍTULO | CENTRO |
|--------|--------|
| | |



EXPERIENCIA PROFESIONAL COMO COIDADOR/A:

| EMPRESA/ENTIDADE | DURACIÓN EN DÍAS (Coincidindo co Informe de Vida Laboral) |
|------------------|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

3. DOCUMENTACIÓN COMPULSADA OU ORIXINAL PARA APORTAR A SOLICITUDE

- I. Fotocopia do D.N.I.
- II. Informe de vida laboral actualizado
- III. Curriculum Vitae
- IV. Fotocopias das titulacións, certificacións e informes esixidos para a convocatoria
- V. Fotocopias dos títulos e/ou certificados acreditativos de participación e/ou asistencia a cursos e seminarios con contido que garde relación directa co posto a cubrir
- VI. Contratos de traballo acreditativos da experiencia laboral como coiadora infantil.

En Xove a _____ de _____ de _____

Asdo.: _____